

3º e 4º ESO
caderno professorado

Luzdes Arinas
Rodríguez



oBRADoiRo De iNiCiATIVAS eMPReNDeDoRAS

O actual sistema económico é bárbaro, porque os seus valores e fins son distintos aos que prevalecen en todas as culturas civilizadas que no mundo foron. En primeiro lugar, porque valora por riba de todo e pon como finalidade da vida o éxito medido en cartos: “tanto tes, tanto vales”. En culturas civilizadas, a riqueza foi só un medio para chegar ao fin, que é o lecer e a vida comfortable para dedicarse ás afeccións persoais. O actual sistema bárbaro parouse no medio, e sublimou o medio -a riqueza- á fin. En segundo lugar, o obxectivo da actividade económica non é, no actual sistema, a obra ben feita, senón o máximo beneficio en cartos (...). É fácil que ocorra que o máximo beneficio se obteña a base de fabricar cousas de baixa calidade, de mal gusto, que contaminan e que se teñen que cambiar cada tres anos. En terceiro lugar, o actual sistema está baseado na competencia, que é o concepto máis bárbaro de todos, pois é a translación á economía da lei da selva.

Luis Racionero. “Del paro al ocio”, 1983



Índice

Presentación

Actividade 1: “BINTA Y LA GRAN IDEA”

Actividade 2: “THE MINIATURE EARTH”

Actividade 3: MIGRACIONES

Actividade 4: APRENDE RAPAZ, QUE EU NON VOU VIVIR SEMPRE

Actividade 5: ACCIÓN SOCIAL E EMPRENDEDORA

Actividade 6: A REALIDADE É TRANSFORMABLE



Presentación

Día a día comprobamos que a maioría do noso alumnado de trece a dezaseis anos, que apenas domina a comprensión lectora e escrita, está moi lonxe de poder “emprender” unha idea de negocio e, xa non digamos, de enfrontarse ao mundo da empresa. Sabemos, ademais, que cada vez será necesario máis enxeño para acceder ao mundo laboral e sobrevivir nel nesta época de crise económica e ecolóxica que fai inevitable un CAMBIO DE MODELO, globalizador e insostible, en favor dun sostible e respectuoso.

Por iso, desde a nosa materia propoñemos a revisión deste modelo para **EMPRENDER NOVOS CAMIÑOS DE ACCIÓN E DE AXUDA AO BEN COMÚN**, que lle permitan ao noso alumnado desenvolver as habilidades necesarias para traballar solidariamente en equipo con autonomía e creatividade, para coñecerse a si mesmos, os seus gustos e as súas capacidades, para entender o proceso de produción de acordo co modelo da globalización e reflexionar sobre as súas fallas e facer unha proposta de produción sostible, para adquirir conciencia do consumo irresponsable e da súa implicación nas sociedades e na natureza...

Así, as actividades aquí propostas estarán encamiñadas a **FOMENTAR A CREACIÓN EN MÚLTIPLES FACETAS, PERO LONXE DA FINALIDADE EMPRESARIAL DE FACER MÁXIMO O BENEFICIO**, e as actividades lucrativas que desenvolveremos terán sempre presente, seguindo a Racionero, unha fin “civilizada”, ou, por que non, “civilizadora”.



Un **obradoiro** é un lugar de traballo práctico, un **espazo para a comunicación e/ou o encontro** no que poidamos: Propor actividades dispares; dispor de espazos versátiles para manexar diferentes materiais e fontes de información (libros, vídeos, mapas, fotos, internet...); traballar en equipo; convidar a outras persoas de distintas idades e contextos (avós, nais, bombeiros...). Por iso necesitamos que haxa nel certos **recursos:**

Bibliográficos libros, anuarios, revistas...

Informáticos ordenadores, canón de vídeo, escáner, impresora, conexión a Internet...

Caixón para manualidades Materiais para debuxar, reciclar, facer murais...

Imaxe cámara de fotos, de vídeo, carpeta de fotografías ...



“A liberdade, a independencia para expresar o que cada un quere facer, é unha das cousas máis importantes da vida. Estar realmente libre de brutalidade, celos, ira, crueldade..., ser verdadeiramente libre no interno, é algo do máis difícil e perigoso”.

Krisnamurti


De iniciativas propias. Cada alumna e cada alumno debe ter claro dende o comezo que **se trata de ter iniciativa propia**. En base a determinados modelos de acción, deberán facer algo en exclusiva, que lles interese e que teña o seu selo, sen competir nin compararse, desenvolvendo **proxectos persoais** e colaborando coas outras persoas e co seu entorno en **proxectos de grupo** ou **sociais**, desde o coñecemento individual, grupal (raza, xeracións pasadas...) e científico (histórico, biolóxico, lingüístico, xeográfico...)



Son cosas chiquitas.
No acaban con la pobreza,
No nos sacan del subdesarrollo,
No socializan los medios de producción ni de cambio,
No expropián las cuevas de Alí Babá.
Pero quizá desencadenen la alegría
de hacer, y la traduzcan en actos.
Y al fin y al cabo,
actuar sobre la realidad y cambiarla
aunque sea un poquito,
es la única manera de probar
que la realidad es transformable
Eduardo Galeano

As nosas accións serán **emprendedoras**, con ou sen ánimo de lucro, pero que non esquezan as **fins sociais** e nun marco **sostible**.

Trátase de lanzar e probar ideas innovadoras, solucións diferentes e novas que cambien as rutinas ou os patróns vixentes na sociedade, polo que, partindo de cidadáns e cidadás pasivos, fomentaremos o exercicio dunha cidadanía activa que propicie cambios sostibles para transformar o mundo. Queremos aprender a **emprender en grupo**, fomentar a innovación e o desexo de cambio e facer propostas concretas de acción no noso Instituto (actuación en optimizar os espazos, propostas de organización, de celebracións, de actuación participativa...). Analizaremos distintos exemplos de accións e persoas emprendedoras nos procesos de extracción, produción, distribución e consumo, **reescribindo a relación co Ecosistema Terra**, base da nosa propia existencia.



Actividades



Actividade 1: “BINTA Y LA GRAN IDEA”



Sesi3ns: 

Modalidades:  e 

Recursos:



Pel3cula “Binta y la gran idea”

<http://video.google.es/videoplay?docid=1814175740046170677>

Fichas 1.1, 1.2, 1.3, 1.4.

Can3n ou proxector

Ordenadores con Internet

Instituto Galego de Estatística: Portal educativo do

IGE: <http://www.ige.eu/estatico/educacion/index.htm>

<http://www.ige.eu/web/index.jsp?paxina=001&idioma=gl>

Mapas: http://go.hrw.com/atlas/span_html/

Material de manualidades



Colaboraci3n de av3s, avoas e outras persoas maiores que formen parte da nosa familia

Colaboraci3n do departamento de CC.SS.



Mapa de actividades:



1.1. Senegal- Galicia: unha análise comparativa



1.2. As nosas regras de xogo



1.3. Autobiografías I: Onde estou

Presentación e proxección de *Binta y la gran idea* no centro

Descrición:

O noso núcleo de traballo desta actividade vai ser a curtametraxe “Binta y la gran idea”. Antes de ver a película dividiremos o curso en cinco grupos cos que traballaremos algúns trazos elementais de Senegal para posteriormente elaborar unha **comparativa** para Galicia (actividade 1.1). A continuación visualizamos a película e a partir dos valores aos que fai referencia o pai de Binta e a crítica cara ao mundo dos *tubab* (homes brancos) elaboraremos en conxunto un cartel coas **normas de convivencia** para a nosa aula (actividade 1.2). Por último, de xeito individual, comezamos a actividade “**autobiografías**” -que se irá completando ao longo de todo o curso- preparando unha presentación de cada quen centrada no aspecto: onde estou (actividade 1.3). Finalmente, A **NOSA ACCIÓN** será a **proxección presentada** da película ás nosas compañeiras e aos nosos compañeiros do centro.

Obxectivos:

- Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.
- Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima e a creatividade.
- Empregar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

Contidos:

- A acción e o contexto (coñecemento do noso territorio para poder pensar calquera acción dentro do mesmo)
- Marco ético da acción (delimitación do noso código de traballo)
- Primeiro achegamento aos datos estatísticos, gráficas e mapas físicos e políticos.



1.1 Senegal- Galicia: unha análise comparativa



(5)



Ordenadores con Internet

Fichas 1.1

- 1.1.1S Mapa físico de Senegal
- 1.1.1G Mapa físico de Galicia
- 1.1.2S Mapa político de Senegal
- 1.1.2G Mapa político de Galicia
- 1.1.3S Mapa humano de Senegal
- 1.1.3G Mapa humano de Galicia
- 1.1.4S Mapa económico de Senegal
- 1.1.4G Mapa económico de Galicia
- 1.1.5S Mapa cultural de Senegal
- 1.1.5G Mapa cultural de Galicia



Dividimos o curso en cinco grupos que traballarán algúns trazos elementais da realidade de Senegal cada un a partir dun dos cinco aspectos fundamentais: físico, político, social, económico e cultural, recollidos nas fichas de traballo S(Senegal) para posteriormente, manexando internet, compilar os datos necesarios para cubrir as fichas de traballo G(Galicia) coa fin de facer unha **comparativa entre Galicia -Val Miñor e Senegal -Casamance**, seguindo o esquema:

GRUPO 1	1.1.1S	1.1.1G
GRUPO 2	1.1.2S	1.1.2G
GRUPO 3	1.1.3S	1.1.3G
GRUPO 4	1.1.4S	1.1.4G
GRUPO 5	1.1.5S	1.1.5G



Faremos as **exposicións en grupo** das comparativas do aspecto que nos tocara traballar cunha duración aproximada para cada exposición de **8'**.



1.2. As nosas regras de xogo



Canón ou proxector
Película “Binta y la gran idea”

Material de manualidades

Internet

Fichas 1.2

1.2.1. “Binta y la gran idea”, ficha técnica

1.2.2A. O valor da convivencia A

1.2.2B. O valor da convivencia B

1.2.2C. O valor da convivencia C

1.2.2D. O valor da convivencia D

1.2.2E. O valor da convivencia E

1.2.3. Normas para a nosa aula



Presentamos a película coa ficha 1.2.1 e logo **visionámola** (20’). Posteriormente, en grupos de cinco comezamos a traballar as normas que rexirán o noso comportamento na aula. Para elo, completaremos as fichas 1.2.2 sobre os cinco valores que consideramos fundamental que estean presentes, seguindo o esquema:

GRUPO 1	1.2.2A
GRUPO 2	1.2.2B
GRUPO 3	1.2.2C
GRUPO 4	1.2.2D
GRUPO 5	1.2.2E



Iniciamos a sesión coa posta en común dos valores, decidindo entre todas e todos cales van servirnos de referencia para o noso decálogo de comportamento. Despois, igual que na actividade anterior, establecemos en grupos as **normas na aula** completando os dez puntos da ficha 1.2.3 para a súa posterior posta en común, da que faremos un extracto normativo **consensuado**.



Continuaremos coa posta en común e redacción do extracto normativo definitivo e, unha vez rematado repartiremos, dous puntos deste decálogo a cada un dos grupos para que os traballen nun **mural** conxunto que quedará na parede até que precise ser revisado de novo.



1.3. Autobiografías I: Onde estou



Fichas 1.3

1.3A. AUTOBIOGRAFÍAS I: Onde estou



1.3B. AUTOBIOGRAFÍAS I: Carpeta de imaxes



Colaboración de avós, avoas e outras persoas maiores que formen parte da nosa familia



Despois de completar na casa e coa axuda das nosas familias a ficha 1.3, facemos unha breve presentación de 2-3' ante o resto da clase de **quen somos** desde o punto de vista da **familia e o entorno** ao que pertencemos, como se estivésemos presentándonos ante rapaces e rapazas de Casamance que non saben nada deste mundo noso.



Avaliación

Cartafol
Ejercicios resoltos
Exposición oral
Autobiografía I
Participación na acción

Actividade 2: “THE MINIATURE EARTH”



Sesi3ns: 

Modalidades:  e 

Recursos:



Vídeo “The Miniature Earth”

www.youtube.com/watch?v=4C-u6kdHuXE

Fichas 2.1, 2.2, 2.3, 2.4.

Can3n ou proxector

Ordenadores con Internet para acceder a arquivos de m3sica, arquivos e buscadores de imaxes fotogr3ficos (Office Online, LIFE, la NASA, Flickr ou Stock.xchng (SXC) pertencente a JupiterImages)



Colaboraci3n dos nosos pais, nais ou outras persoas adultas que formen parte da nosa familia

Colaboraci3n cos departamentos de ingl3s e matem3ticas

Mapa de actividades:



2.1. Glosario e tradución de “The Miniature Earth” (7’)



2.2. A porcentaxe, os cálculos e os gráficos



2.3. Imaxes e sons para os Obxectivos do Milenio



2.4. Autobiografías II: “Eu son máis rico que o 75% da poboación mundial”

Instalación de imaxes e sons sobre os Obxectivos do Milenio

Descrición:

O noso núcleo de traballo para esta actividade vai ser o vídeo “The Miniature Earth” (7’). Como actividade previa dividiremos a clase en 8 grupos para elaborar un **glosario** de termos relativos á temática do vídeo que nos permita a súa visualización en inglés e posterior tradución (actividade 2.1). Despois, e en relación coa información proporcionada, traballaremos **datos e gráficos** (actividade 2.2) e os **obxectivos do milenio** (actividade 2.3), buscando na rede imaxes e arquivos de música que os ilustren. Por último, de xeito individual, continuaremos coa actividade “**autobiografías**”, para unha posta en común centrada no aspecto: “Eu son máis rico que o 75% da poboación mundial” (actividade 2.4). A NOSA ACCIÓN esta vez será a realización dunha **instalación** consistente nun **mural** elaborado cos materiais atopados sobre os Obxectivos do Milenio e ambientado coas **músicas** seleccionadas.

Obxectivos:

- ↗ Desenvolver a iniciativa persoal e a creatividade.
- ↗ Entender a importancia da cobertura das necesidades básicas e como estas están ausentes en moitos países do mundo.
- ↗ Empregar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.
- ↗ Utilizar linguas estranxeiras como medio de comunicación, necesarias no mundo globalizado actual.
- ↗ Utilizar a linguaxe matemática e os razoamentos matemáticos relacionados coa toma de decisións.
- ↗ Construír e interpretar gráficos e imaxes

Contidos:

- ↗ Contextos: globalización e retos da humanidade.
- ↗ O proceso de xeración e maduración de ideas.
- ↗ Medios para transmitir unha idea: lingua falada e escrita, imaxes e sons.
- ↗ Valores absolutos e valores relativos.
- ↗ As gráficas: interpretación e realización.

2.1. Glosario e tradución do vídeo “The Miniature Earth”



(8)



Vídeo “The Miniature Earth” (7’)

Canón ou proxector

Ordenadores con Internet ou dicionarios inglés-castelán/galego

Fichas 2.1:

2.1.1. “The Miniature Earth”, glosario inglés – galego / castelán .

2.1.2. “The Miniature Earth”, ficha técnica



Dividimos o curso en oito grupos que, manexando un dicionario tradicional en papel ou un virtual dos moitos que ofrece a Rede, completarán o **glosario inglés – galego / castelán** dos principais termos que van aparecer no vídeo “The Miniature Earth” (“A aldea global”): people, population, earth... (ficha 2.1). Posteriormente faremos unha presentación introdutoria (ficha 2.2) e realizaremos a **visión en inglés** do vídeo.



Traduciremos “The Miniature Earth” ao galego ou, no caso do alumnado inmigrante con dificultades nesta lingua, castelán.

2.2. A porcentaxe, os cálculos e os gráficos



(8)



Ordenadores con Internet

Fichas 2.2

- 2.2.1. Porcentaxes
- 2.2.2. Números absolutos e números relativos
- 2.2.3. Creando gráficos
- 2.2.4. Interpretando gráficos (I)
- 2.2.5. Interpretando gráficos (II)



Mantendo os oito grupos xa formados e a partir dos exemplos da presentación recollidos nas fichas 2.2, trátase de facer exercicios de razoamento matemático, sobre todo no relativo ás **porcentaxes**, e **construír e interpretar gráficos** para decatarse do que significa pertencer ao mundo desenvolvido, sendo conscientes dos nosos niveis de consumo fronte ás cifras que resumen o estado da poboación mundial, exercicio fundamental para entender a extensión de novas formas de pobreza e as distintas realidades sociais.

2.3. Imaxes e sons para os Obxectivos do Milenio



Ordenadores con Internet

Fichas 2.3

- 2.3.1A y B. ODM 1
- 2.3.2 A y B. ODM 2
- 2.3.3 A y B. ODM 3
- 2.3.4 A y B. ODM 4
- 2.3.5 A y B. ODM 5
- 2.3.6 A y B. ODM 6
- 2.3.7 A y B. ODM 7
- 2.3.8 A y B. ODM 8



Mantendo os oito grupos xa formados ou creando uns novos, proporcionámoslles un documento de traballo base (fichas 2.3A) no que se recolle cada un dos oito **Obxectivos do Milenio** e o estado no que están actualmente, pedíndolle a cada grupo que, despois de lelos con atención redacte **unha lenda** que exprese o Obxectivo que lles correspondese e que busquen **un arquivo de son** e un máximo de **tres imaxes** para ilustralo coa fin dunha exposición na aula (fichas 2.3B).

GRUPO 1	2.3.1 ODM 1	Obxectivo 1: Erradicar a pobreza extrema e a fame
GRUPO 2	2.3.2 ODM 2	Obxectivo 2: Lograr a educación primaria universal
GRUPO 3	2.3.3 ODM 3	Obxectivo 3: Promover a igualdade entre os xéneros e a autonomía da muller
GRUPO 4	2.3.4 ODM 4	Obxectivo 4: Reducir a mortalidade infantil
GRUPO 5	2.3.5 ODM 5	Obxectivo 5: Mellorar a saúde materna
GRUPO 6	2.3.6 ODM 6	Obxectivo 6: Combater a VIH/SIDA, a malaria e outras enfermidades
GRUPO 7	2.3.7 ODM 7	Obxectivo 7: Asegurar a sustentabilidade do medio ambiente
GRUPO 8	2.3.8 ODM 8	Obxectivo 8: Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento



Exposición na aula de cada un dos obxectivos (arredor de 5' cada parella)

***Este material será o punto de partida para a realización da nosa acción: a INSTALACIÓN (mural + música) acerca dos Obxectivos do Milenio.**



2.4. Autobiografías II: Eu son máis rico que o 75% da poboación mundial





Ficha 2.4 : Eu son máis rico que o 75% da poboación mundial



Colaboración de pais, nais e outras persoas adultas do noso fogar



Continuaremos a elaboración da nosa autobiografía, agora centrada nos bens que nos proporciona o estado de benestar. Para elo investigaremos nas nosas familias algúns datos relativos ao nivel de vida do noso fogar (ficha 2.4), cos que faremos unha posta en común en clase.



Avaliación

Cartafol

Glosario

Exercicios resoltos

Imaxes e arquivos de música

Exposición oral

Autobiografía II

Participación na acción



Actividade 3: MIGRACIONES



Sesi3ns: 

Modalidades: ,  e 

Recursos:



Software para a presentaci3n de diapositivas

Fichas 3.1, 3.2, 3.3, 3.4.

C3mara de v3deo

Reprodutor audio e v3deo

Ordenadores con Internet

Esc3ner

“Migration in Galicia and Nigr3n, Yesterday and Today”

“Diversity around us”

“Inmigrantes no pais da inmigraci3n”



Colaboraci3n de av3s, avoas e outras persoas maiores do noso entorno relacionadas coa migraci3n

Colaboraci3n da secretar3a do centro

Colaboraci3n do alumnado nacido f3ra de Espa3a

Colaboraci3n co departamento de ingl3s



Mapa de actividades:



3.1. Presentando os fluxos migratorios (Power Point)



3.2. A inmigración no noso centro (vídeo)



3.3. As migracións das nosas e dos nosos maiores



3.4. Autobiografías III: “as miñas cores”

Música e migración

Descrición:

Co obxectivo de coñecer a nosa realidade migratoria nun contexto histórico, comezaremos tomando como modelo a presentación “Migration in Galicia and Nigrán, Yesterday and Today”, para elaborar en parellas unha **presentación conxunta con diapositivas** sobre os fluxos migratorios (actividade 3.1). Despois traballaremos as fontes orais, para o que, tomando como modelo “Diversity around us”(2’34”), realizaremos un **vídeo de entrevistas** similar sobre o alumnado do noso centro nacido fóra de España (Para romper estereotipos, previamente visionaremos a canción das mulleres caboverdianas de “Inmigrantes no país da inmigración” (13’) (actividade 3.2). Tamén **entrevistaremos ás nosas e aos nosos maiores que emigraron** ou que proceden doutros países (actividade 3.3). Por último, seguindo coa construción da nosa **autobiografía**, centrarémonos no aspecto “as miñas cores”. A NOSA ACCIÓN xirará en torno a **música e migración**, deixando que o noso alumnado escolla entre audición de Djs, proxección de vídeos musicais, actuación grupos do Instituto con músicas e letras de temática fronteiriza ou un concurso rap (listado orientativo ao final da actividade).

Obxectivos:

- ↗ Mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación do noso alumnado.
- ↗ Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima e a creatividade.
- ↗ Utilizar as linguas estranxeiras como medio de comunicación necesario na globalización.
- ↗ Empregar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.
- ↗ Buscar, seleccionar e interpretar información, utilizala de forma crítica e responsable de acordo coa fin perseguida e comunicala de forma organizada e intelixible.

Contidos:

- ↗ A planificación dun traballo individual e en equipo: fases, delimitación e reparto de tarefas.
- ↗ Habilidades da figura coordinadora.
- ↗ O proxecto: xeración e maduración de ideas, execución e avaliación.
- ↗ As claves dunha presentación con diapositivas (Power Point).
- ↗ A entrevista: preparación e realización.
- ↗ Achegamento á edición de vídeo.
- ↗ Manexo de fontes diversas: orais, audiovisuais e textuais.
- ↗ A nosa realidade migratoria.



3.1. Presentando os fluxos migratorios (Power Point)



(10)



Software para a presentación de diapositivas

Ordenadores con Internet

Escáner

“Migration in Galicia and Nigrán, Yesterday and Today”

Ordenadores con Internet

Fichas 3.1:

3.1.1. “Migration in Galicia and Nigrán, Yesterday and Today” , ficha técnica

3.1.2.1-10. Os fluxos migratorios: fragmentos



O obxectivo final desta actividade é a realización dunha presentación en Power Point sobre a nosa realidade migratoria que recolla aportacións de todos os grupos, tomando como referencia “**Migration in Galicia and Nigrán, Yesterday and Today**”. Así, comezamos presentando (ficha 3.1.1) e visionando o Power Point de referencia. Despois dividimos o curso en dez parellas que, a partir do fragmento que se lles entrega (fichas 3.1.2.1-10), **buscarán un máximo de 3 imaxes e redactarán un texto moi breve representativo da idea correspondente e que terán que expor:**

GRUPO 1	3.1.2.1	GRUPO 6	3.1.2.6
GRUPO 2	3.1.2.2	GRUPO 7	3.1.2.7
GRUPO 3	3.1.2.3	GRUPO 8	3.1.2.8
GRUPO 4	3.1.2.4	GRUPO 9	3.1.2.9
GRUPO 5	3.1.2.5	GRUPO 10	3.1.2.10



O traballo de **coordinación** (selección e ordenación do material proporcionado polos grupos) e montaxe final da presentación será realizado pola profesora ou profesor (coa axuda ou non de algún alumno ou algunha alumna), quen, na súa **presentación na aula**, dará voz a cada protagonista das diapositivas seleccionadas. Todo o alumnado terá que **coller apuntes da exposición**, que despois poderán utilizar para contestar un test - exame sobre os contidos expostos.



3.2. A inmigración no noso centro (vídeo)



Modalidade libre



Software para edición de vídeo

Cámara de vídeo

Micrófono

“Diversity around us” (2’34”). ValMiñor DIVX

Fragmento do documental “Inmigrantes no país da inmigración” (13’)

Fichas 3.2

3.2.1. “Diversity around us”, ficha técnica

3.2.2. “Inmigrantes no país da inmigración”, ficha técnica

3.2.3. Orientacións para a entrevista

3.2.4. Guión para a entrevista



Colaboración da secretaría do noso Instituto para a localización do alumnado nacido fóra de España

Participación do alumnado nacido fóra de España

Colaboración da profesora ou do profesor de inglés

Co obxectivo de traballar con fontes orais, nesta actividade realizaremos un **vídeo documental con formato de entrevistas** cunha montaxe final que non exceda os 6’ centrado no alumnado do noso centro nacido fóra de España. A **actividade ten unha presentación moito máis aberta** do habitual, porque as características da súa realización dependerán moito do tamaño dos grupos, do centro, do número de participantes, etc.

Para rachar estereotipos antes de enfrontarnos á gravación das entrevistas (ficha 3.2.3), comezaremos presentando e visionando a **canción das mulleres caboverdianas** en “Inmigrantes no país da inmigración” (13’) (ficha 3.2.1). Despois, presentaremos e realizaremos o visionado de “Diversity around us” (‘), vídeo de referencia (ficha 3.2.2).

Finalmente estableceremos as **tarefas** que correspondan a cada quen (en grupo ou de xeito individual) tendo en conta as súas preferencias:

Planificación da gravación	Son
Realización da gravación	Subtitulado e créditos
Montaxe	Ficha técnica

A montaxe final de “Diversity around us” foi realizada por Pablo Gómez Sala, un ex-alumno experto, pero pode haber outras opcións dependendo das características do grupo. “Diversity around us” serviu para amosar unha realidade oculta e para fomentar as relacións entre as nenas e nenos inmigrantes do centro, nalgúns casos afastados do resto do grupo. Coa súa realización permitímoslles expresar os seus sentimentos e sentirse protagonistas.



3.3. As migracións das nosas e dos nosos maiores



Cámara de fotos ou móbil
Ordenadores para o tratamento das gravacións
Ficha 3.3. Guión da entrevista



Colaboración de avós, avoas e outras persoas maiores do noso entorno relacionadas coa migración



Seguindo co manexo das fontes orais, agora investigaremos os movementos migratorios na nosa familia e no noso contorno inmediato. Para elo, o obxectivo principal da actividade será reunir testemuñas vivas de aqueles e aquelas que, noutro tempo, víronse na obriga de abandonar o noso país e que retornaron recentemente.

O ideal sería facer **pequenos vídeos caseiros coas entrevistas**, para as que podemos utilizar incluso cámaras de fotos dixitais ou móbiles e, no caso de non ser posible a gravación, a súa transcripción escrita. Tentaremos conseguir polo menos unha fotografía da persoa entrevistada e indagaremos se estaría disposta a vir a nosa aula a contar a súa experiencia.

A actividade **na aula** consistirá na **presentación e posta en común das nosas entrevistas**



3.4. Autobiografías III: “as miñas cores”



Ficha 3.4 : As miñas cores





Colaboración de pais, nais e outras persoas adultas do noso fogar



Continuaremos a elaboración da nosa autobiografía, agora centrada nas nosas **características físicas** e na nosa **árbore xenealóxica**, tentando descubrir a **orixe** desas características nos **nosos devanceiros** (ficha 2.4), que presentaremos cunha posta en común en clase.

.



Avaliació

Cartafol
Exercicis resolts
Exposició oral
Autobiografia III
Participació na acció



Actividade 4: APRENDE RAPAZ, QUE EU NON VOU VIVIR SEMPRE



Sesións: 

Modalidades:  e 

Recursos:



“Voces de onte: Ché do barbeiro” (DVD 9’36”)

“Voces de onte: o cesteiro de Donas” (DVD 9’)

Reprodutor DVDs e canón ou proxector

Fichas 4.1.1, 4.1.2, 4.1.3, 4.1.4.

Ordenadores con Internet

Escáner

Material de manualidades



Colaboración de bisavós, avoas e outras persoas maiores que formen parte da nosa tradición

Colaboración co departamento de galego



Mapa de actividades:



4.1. Devanceiros e devanceiras: as voces de onte



4.2. Exposición sobre os traballos do Val Miñor



4.3. As innovacións catalás



4.4. Autobiografías IV: A que podería dedicarme?

Un cesteiro de Donas fai un cesto para que aprendamos. Visita guiada pola exposición *OS TRABALLOS DE DEVANCEIROS E DEVANCEIRAS NAS PARROQUIAS DO VAL MIÑOR*

Descrición:

O noso núcleo de traballo vai ser a investigación sobre os oficios da nosa bisbarra. Comezaremos traballando arredor de **dúas testemuñas sobre oficios doutra época**: “Voces de onte: Ché do Barbeiro, escolante” (DVD 5’) e “Voces de onte: Manolo Canela, cesteiro de Donas” (DVD 5’) (actividade 4.1). Logo investigaremos sobre os oficios do pasado no Val Miñor entrevistando **ás nosas avoas e avós sobre os traballos comunais** que se realizaban nas súas parroquias e sobre os oficios máis importantes asociados ás **materias primas** ou “produtos” (actividade 4.2). Tamén traballaremos o concepto de **innovación** da man dun oficio de onte, de hoxe e, con sorte, de mañá: **a pesca**, cunha visita ao **Museo do Mar de Vigo** e á **salina romana** achada no **Areal** (Salinae), facendo fincapé na **chegada dos cataláns** e as innovacións que introduciron. Aproveitaremos a excursión para completar información sobre os oficios visitando o **Museo Etnográfico Liste** (actividade 4.3). **Construíndo a nosa “autobiografía”,** estará centrada agora na vocación, habilidades e gustos (Actividade 4.4). A **NOSA ACCIÓN** será dobre: **unha visita guiada pola exposición *Os traballos de devanceiros e devanceiras nas parroquias do Val Miñor*** e un **encontro co cesteiro de Donas** que nos fará un cesto.

Obxectivos:

- Desenvolver diferentes técnicas de investigación e aprender a organizar a información recollida para sacar conclusións
- Achegarnos ao concepto de innovación, invento.
- Empregar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de traballo eficaces na vida cotiá.

Contidos:

- A importancia económica e social do traballo dos nosos devanceiros
- A importancia económica da parroquia en Galicia
- Mapa do capital natural do noso entorno: O Concello de Nigrán
- Os inventos, base dos cambios nas formas e técnicas de produción
- As causas da desaparición dalgúns oficios
- Manexo das fontes orais. O galego, lingua aínda viva.
- Fases dunha investigación



4.1.Devanceiros e devanceiras: as voces de onte



“Voces de onte: “Che do barbeiro” (DVD 9’36”)

“Voces de onte: Manolo Canela, cesteiro de Donas” (DVD 9’)

Reprodutor DVDs (VLC)e canón ou proxector

Ordenadores con escáner

Fichas 4.1

4.1.1A. “Voces de onte: Ché do barbeiro”, ficha técnica.

4.1.1B. Oficios de onte: escolante do ferrado

4.1.1C. As mestras

4.1.2A. “Voces de onte: Manolo Canela, cesteiro de Donas”, ficha técnica.

4.1.2B. Oficios de onte: cesteiro



Colaboración de bisavós, avoas e outras persoas maiores que formen parte da nosa tradición

Este é un **modelo de traballo de investigación** no que a maior parte das **fichas proporcionadas son para consultar coas persoas maiores da nosas familia**, intentando sempre **obter a máxima información sobre as vidas das nosas devanceiras e dos nosos devanceiros**: cando empezaron a traballar, como aprenderon o oficio, oficios doutros tempos, traballos comunais, festas asociadas a algúns destes traballos, canto tempo foron a escola, o que aprenderon, etc. Que sabemos sobre os oficios dos nosos devanceiros e devanceiras? Que oficios coñecemos e como os clasificaríamos nos distintos sectores económicos? Cando desaparecen os traballos comunitarios? Cales perviven? Desapareceron os traballos parroquiais? E os municipais? Fannos os veciños? Por que morre un oficio? Como desaparece? A evolución da técnica e dos inventos teñen algo que ver con esta desaparición? Cal son os oficios máis importantes no Val Miñor e que relación teñen coas materias primas ou produtos locais?



Comezaremos presentando (fichas 4.1.1A e 4.1.2A) e visualizando “**Voces de onte: Ché do barbeiro**” (DVD 9’36”) e “**Voces de onte: Manuel Canela, cesteiro de Donas**” (DVD 9’) como mostra de dúas testemuñas sobre oficios doutra época: un mestre itinerante e un artesan cesteiro que quedou sen traballo porque cando chegou o plástico resultaba máis barato.

Despois, para traballar estes vídeos, primeiro utilizaremos internet e logo acadaremos **información gráfica** (fotos, documentos de época, etc.) e **datos preguntándolles aos nosos avós e avoas** sobre a vida dos seus pais e nais, e completaremos de xeito individual dúas fichas relativas a estes dous oficios (4.1.1B e 4.1.2B) centradas especialmente en aspectos relacionados coa súa alfabetización e escolarización e coa actividade dos cesteiros na nosa bisbarra (o alumnado que non pertence á nosa bisbarra fará a investigación igualmente no contorno familiar). Comezamos tamén a organizar a acción de traer a Manolo Canela ao noso Instituto para que nos ensine a facer un cesto.



Posta en común do resultado das nosas investigacións.



De xeito individual ou en grupo traballaremos agora sobre os **oficios das nosas devanceiras** (ficha 4.1.1C) cunha posterior posta en común ou debate centrado nelas.



4.2. Exposición sobre os traballos do Val Miñor



Ordenadores con Internet

Escáner

Material de manualidades

Fichas 4.2

4.2.1A y B. Traballos comunais

4.2.2. Materias primas ou produtos



Colaboración de bisavós, avoas e outras persoas maiores que formen parte da nosa tradición



Utilizaremos a primeira sesión para **presentar a actividade**, explicando que o **obxectivo** é facer unha **exposición** sobre *OS TRABALLOS DE DEVANCEIROS E DEVANCEIRAS NAS PARROQUIAS DO VAL MIÑOR* no noso instituto, pero que **antes** temos que facer unha pequena **investigación individual** para saber con que material contamos. Para elo pediremoslles **aos bisavós ou bisavoas e, se xa morreron, aos nosos avós ou avoas**, información sobre:

A) Os **traballos comunais**: ata hai ben pouco tempo en Galicia había moitos traballos comunais. A partir da ficha **4.2.1A** deberemos recoller información sobre as tarefas colectivas que se facían na súa parroquia e nas que elas e eles participaban, ficha **4.2.1B**. Tamén investigaremos os traballos municipais, como cando chegou a traída da auga, os sumidoiros e a luz pública. O alumnado da costa, investigará sobre os traballos comunais no mar (recollida de algas e cunchas para abono, cultivos mariños, etc).

B) As **materias primas** ou produtos clave: comentaremos a información contida na ficha **4.2.2**. cos nosos avós e avoas para indagar sobre as materias primas máis abundantes do seu contorno e a súa relación cos oficios da familia e cos demais oficios que aparecen na columna da dereita, así como toda a información posible relativa a eles.



A partir dos datos obtidos, faremos grupos de traballo para preparar a **exposición** centrada nos aspectos: **traballos comunais, materias primas e antigos oficios**. Cada equipo traballará unha área cos datos que considere máis destacados e, para ilustrala, utilizará as fotos tomadas no museo etnográfico. Liste máis **fotografías** antigas dos seus devanceiros e devanceiras en relación ao oficio que desempeñaban, á ferramenta que manexaban, aos espazos de traballo, ás roupas ou trebellos, **outros documentos**, como contratos ou publicidade e incluso **obxectos**. Como última opción poderían baixarse da Rede.



Presentación por equipos do traballo, realizada en forma de ensaio da visita guiada.



4.3. As innovacións catalás



Visita guiada ao Museo do mar de Vigo

Visita á salina romana achada no Areal (Salinae)

Visita ao museo Liste de Vigo e ficha propia sobre os oficios

Fichas 4.3

Ficha 4.3.1A. As innovacións catalás

Ficha 4.3.1B. As innovacións catalás

Ficha 4.3.1C. As innovacións catalás

Ficha 4.3.2. Que é innovar?



Colaboración da profesora ou do profesor de galego



Nesta actividade, traballaremos o **concepto de innovación** e o faremos da man dun oficio de onte, de hoxe e de mañá (se non esquilmanos o mar): **A PESCA**.

Para elo realizaremos unha visita guiada ao **Museo do Mar de Vigo**, centrándonos principalmente na investigación sobre a chegada dos catalás e as innovacións que introduciron (fichas 4.3.1AeB). Tamén visitaremos a **salina romana achada no Areal (Salinae)** que nos axudará a ter unha visión sobre a historia da pesca en Galicia, a importancia económica do sal e a súa utilización desde os romanos. Aproveitaremos a excursión para visitar o **Museo Etnográfico Liste**, o cal proporciona a súa propia ficha para cubrir relativa aos oficios.



Posta e común dos resultados das visitas (ficha 4.3.1C), aclaración de **dúbdas** e realización dun breve **test-exame** para o cal se poden utilizar as fichas cubertas.





4.4. Autobiografías IV: A que podería dedicarme?



Fichas 1.3. AUTOBIOGRAFÍAS IV: A que podería dedicarme?



Por último, de xeito individual, continuaremos a actividade “autobiografía” centrada esta vez na idea da **vocación** e das nosas **habilidades** e **gustos**. Que habilidades son necesarias para emprender algo? Me gustan as ciencias ou as letras? Hai algo que me apaixone? As manualidades, debuxar, a informática, os malabares, a música....? Como me gustaría gañarme a vida?



Avaliación

Cartafol
Ejercicios resoltos
Exposición oral
Autobiografía IV
Participación na acción



Actividade 5: ACCIÓN SOCIAL E EMPREENDEDORA



Sesiões:



Modalidades:



Recursos:

Fichas 5.1, 5.2, 5.4, 5.5



Lino Lema Bouzas: Valorización de los Recursos Pesqueros. El caso de las mariscadoras de Lira. Consellería de Pesca e asuntos marítimos. pdf

Proposta concellería Medio Ambiente de Nigrán. pdf.

Ordenadores con Internet

Enlaces e documentos:

<http://www.emprendedoressociales.org>

“Entrevista a María Calvo, directora de Ashoka Emprendedores Sociales en España” <http://www.youtube.com/watch?v=4PsJsLq6v-w>

<http://www.lonxanet.org>

<http://www.fundacionloxanet.org>, “Antonio García Allut, emprendedor social”

<http://www.youtube.com/watch?v=Uh8e3tWMDLs>

“El escarabajo verde: océanos vacíos”

<http://www.rtve.es/television/20071125/oceanos-vacios-escarabajo-verde/199093.shtml>

“Entrevista e vídeo a Evangelina da federación de redeiras de Galicia”

<http://www.redeirasdegalicia.org/federacion.asp>

<http://www.vieiros.com/nova/70079/redeiras-unha-profesion-por-dous-euros-a-hora>

Obra social La Caixa. Convocatorias de acción social:

http://obrasocial.lacaixa.es/jovenes/programa_es.html



Encontro cunha redeira de Panxón: Mari Chamarro

Encontro co concelleiro de Medio Ambiente de Nigrán

Colaboración co departamento de bioloxía e de tecnoloxía



Mapa de actividades



5.1. Que significa ser emprendedor ou emprendedora social e sostible?



5.2. *Mardelira*, un exemplo de cooperativa sostible



5.3. Federación de redeiras de Galicia: metas dun colectivo



5.4. Apadriñando o Río Muíños: aprendizaxe e acción social



5.5. 5.5. Autobiografías V: O meu proxecto

AS NOSAS ACCIÓNS Visita guiada co alumnado de primaria ao Río Muíños. Encontro con Mari, redeira de Panxón.

Descrición:

Comezaremos introducindo o concepto de “emprendedora ou emprendedor social”, con dous pequenos vídeos: unha **entrevista á directora de Ashoka (2’ 18”)** e outra **ao artífice de Lonxanet (2’ 34”)** para posteriormente elixir un emprendedor ou emprendedora social na rede que chame a nosa atención (actividade 5.1). A continuación visualizaremos “**Océanos vacíos**” como introdución a unha experiencia sostible de cooperativismo feminino “**Mardeliracooperativa**” (actividade 5.2). Seguiremos co traballo ata hai nada “oculto” das **redeiras** (actividade 5.3) e finalmente estudaremos unha proposta da Concellería de Medio Ambiente do noso Concello (actividade 5.4) para o **apadriñamento dun tramo do río Muíños**. Por último, seguindo coa construción da nosa **autobiografía**, centrarémonos no aspecto “a miña proposta de acción social” (5.5). A **NOSA ACCIÓN** consistirá en organizar unha **visita guiada para o alumnado de primaria ao río** que apadriñamos e un **encontro con Mari, redeira** de Panxón.

Obxectivos:

- 🚩 Coñecer as actitudes, calidades persoais e capacidades base do espírito emprendedor.
- 🚩 Definir os aspectos xerais e os elementos necesarios para un proxecto emprendedor.
- 🚩 Valorar a importancia do asociacionismo como fonte de dinamización social, e como un medio de sumar esforzos e compartir ideas.
- 🚩 Comprender o concepto de empresa e de persoa emprendedora e valorar o seu papel como xerador de riqueza e motor económico.
- 🚩 Coñecer estratexias de xeración e maduración de ideas emprendedoras.
- 🚩 Identificar as propias capacidades e intereses para a toma de decisións sobre estratexias persoais de formación e inserción laboral

Contidos:

- 🚩 Emprendedor ou emprendedora social: habilidades, actitudes, calidades e capacidades.
- 🚩 Xeración e maduración de ideas para un proxecto emprendedor.
- 🚩 A sustentabilidade e a visión integral como bases dun proxecto emprendedor.
- 🚩 O asociacionismo: a cooperativa e a federación
- 🚩 O coñecemento do noso hábitat como paso fundamental previo á intervención nel.
- 🚩 O capital natural, o capital humano, o capital físico e o capital financeiro.



5.1. ¿Que significa ser emprendedora ou emprendedor social e sostible?



Ordenadores con Internet

Enlaces:

<http://www.emprendoressociales.org> “Entrevista a María Calvo, directora de Ashoka”

<http://www.youtube.com/watch?v=4PsJsLq6v-w>

<http://www.lonxanet.org>

<http://www.fundacionlonxanet.org> “Entrevista a Antonio García Allut, emprendedor social”

<http://www.youtube.com/watch?v=Uh8e3tWMDLs>

Reprodutor DVDs e canón ou proxector

Fichas 5.1:

5.1.1. Entrevista a María Calvo, directora de Ashoka, ficha técnica.

5.1.2. Entrevista a Antonio García Allut, emprendedor social, ficha técnica.

5.1.3A. Lonxanet



O obxectivo da actividade é o de comprender o que é un emprendedor ou unha emprendedora social. Para elo comezaremos presentando (fichas 5.1.1 e 5.1.2) e visionando os vídeos-entrevista de **María Calvo**, directora de Ashoka, e o de **Antonio García Allut**, emprendedor social. Despois, por parellas, **contestaremos o cuestionario** da ficha (ficha 5.1.3), valéndonos da información que contén a páxina Web de *Lonxanet, S.L.* e a da *Fundación Lonxanet* e poremos os resultados en común.



Posteriormente, nos enlaces propostos, cada parella elixirá un vídeo clip que amose un **exemplo de emprendedor ou emprendedora social** e preparará a súa presentación dunha duración aproximada 7' explicando os motivos da súa elección.



Por último faremos a **presentación en clase** do emprendedor ou emprendedora social escollido e realizaremos un **breve exame** no que se poden utilizar os apuntes tomados.



5.2. Mardelira, un exemplo de cooperativa sostible



(7)



Ordenadores con Internet

Enlaces:

“El escarabajo verde: océanos vacíos”

<http://www.rtve.es/television/20071125/oceanos-vacios-escarabajo-verde/199093.shtml>

Reprodutor DVDs e canón ou proxector

Fichas 5.2:

5.2.1. “El escarabajo verde: océanos vacíos”, ficha técnica

5.2.2.1 - 5.2.2.7



Comezaremos a actividade presentando (ficha 5.2.1) e visualizando o vídeo “Océanos vacíos” (25’ 55”) para reforzar o concepto de sostibilidade na pesca e para fixarnos no colectivo de mulleres mariscadoras encargadas de realizar todo o proceso de manipulación, limpeza, envasado e comercialización dos produtos da cooperativa.



Distribuiremos ao alumnado en sete grupos de tres para realizar unha aproximación ao estudio dunha cooperativa sostible, a partir das fontes que se lle proporcionan en Internet e das fichas 5.2.2, seguindo o esquema

GRUPO 1	5.2.2.1	cooperativa: fin, nº de socios, capital social
GRUPO 2	5.2.2.2	recursos: extracción de bancos e provedores
GRUPO 3	5.2.2.3	cronogramas
GRUPO 4	5.2.2.4	capital físico: instalacións e equipamento
GRUPO 5	5.2.2.5	capital humano. Organigramas
GRUPO 6	5.2.2.6	procesos de produción
GRUPO 7	5.2.2.7	produtos finais, clientes e mercados



Por último prepararemos e realizaremos a posta en común sobre o que cada grupo ten traballado e aprendido e realizaremos un breve exame no que se poden utilizar os apuntes tomados.



5.3. Federación de redeiras de Galicia: metas dun colectivo



(5)



“Redeiras, unha profesión por dous euros á hora” (4’14”) en *Vieiros*
<http://www.redeirasdegalicia.org/federacion.asp>

Ficha 5.3. “Redeiras, unha profesión por dous euros á hora”, ficha técnica



Entrevista e acción da redeira Mari Chamarra.



Comezaremos este achegamento a un dos moitos oficios “ocultos” ou “invisibles” realizados polas mulleres galegas, o de redeira, presentando (ficha 5.3) e visualizando “Redeiras, unha profesión por dous euros á hora” (4’14”).

Despois formaremos 5 grupos e cada grupo preparará un banco de preguntas e unha ficha coa información máis relevante para os demais grupos (en base á información que contén esta páxina e a outras preguntas que se nos ocorran) para facerlle á nosa redeira, con quen conectaremos para que veña á nosa aula e tamén nos aprenda a facer algún nó e nos conte en que consiste o seu traballo. Os contidos da entrevista repartiranse segundo o esquema:

GRUPO 1	Historia da federación
GRUPO 2	Que obxectivos ten esta federación?
GRUPO 3	Por quen está formado o Consello Reitor e como son os estatutos dunha federación?
GRUPO 4	Que obrigas fiscais teñen as redeiras como autónomas e que obrigas fiscais teñen ás asociacións de redeiras?
GRUPO 5	Artes de pesca e en que consiste o traballo das redeiras



Encontro con Mari Chamarra, redeira, e entrevista



5.4. Apadriñando o Río Muíños: aprendizaxe e acción social



E a programación de saídas de vixilancia a pé



(5)



Fichas 5.4

Fichas 5.4.1.1-5

Ficha 5.4.2 apadriña o río Muíños: informes



Encontro co concelleiro de Medio Ambiente de Nigrán



Comezaremos cun **encontro co Concelleiro de Medio Ambiente** que virá á nosa aula a presentarnos o proxecto “Apadriñando o río Muíños”.



Despois prepararemos o **cronograma** para exercer a vixianza e mantemento do río e formaremos **cinco equipos de aprendizaxe e acción social** para traballar os contidos que nos capaciten para cubrir os partes medioambientais e realizar a visita guiada, segundo o esquema:

GRUPO 1	5.4.1.1	Vexetación ripícola: o bosque galería (protexido pola directiva hábitat), os arbustos, os fentos....
GRUPO 2	5.4.1.2	Fauna ripícola: aves, insectos, peixes, invertebrados....
GRUPO 3	5.4.1.3	Etnografía: os muíños e as regas: historias sobre muíños e costumes dos usos da auga.
GRUPO 4	5.4.1.4	Corredores ecolóxicos: o río e o complexo dunar.
GRUPO 5	5.4.1.5	Ameazas do río: contaminación, especies invasoras, risco de asolagamentos, invasión do dominio público hidráulico...



Posta en práctica: Observación e realización dos partes medio ambientais.





5.5. Autobiografías V: o meu proxecto



Ficha 5.5: AUTOBIOGRAFÍAS I: O meu proxecto



Rematamos aquí a serie de “autobiografías” completando o noso perfil coas nosas **inquietudes, intereses e proxectos** e poñéndoos en común coa finalidade de ir atopando espíritos afíns de traballo para a unidade seguinte.



Avaliación

Cartafol
Exercicios resoltos
Exposición oral
Autobiografía V
Participación na acción



Actividade 6: A REALIDADE É TRANSFORMABLE



Sesi3ns: 

Modalidade: 

Recursos:



Fichas 6.1, 6.2

Cada grupo determinar3 e se preocupar3 de conseguir os recursos necesarios para desenvolver o seu proxecto. Material necesario para que cada grupo, dependendo do soporte elixido para a memoria final, poda facer a s3a exposici3n na aula.







Colaboraci3n de instituci3ns p3blicas e privadas, ONG, familias, etc.... que cada grupo determine.

Colaboraci3n da direcci3n do Centro.

Colaboraci3n dos departamentos que cada grupo considere necesarios.






Mapa de actividades:

	6.1. Un bo equipo para un bo proxecto
	6.2. O noso proxecto: deseño e fases
	6.3. A nosa acción social
	6.4. Autobiografía VI: Curriculum vitae








Descrición:

Nesta actividade levaremos a cabo unha **acción social en grupo**. Para elo comezaremos establecendo as pautas adecuadas para a creación de equipos de traballo e **crearemos os equipos** (actividade 6.1). A continuación introduciremos a terminoloxía e os conceptos necesarios para elaborar un proxecto e **cada grupo elaborará o seu propio proxecto**, que supervisará a profesora, (actividade 6.2.1) e determinará as súas **fases de execución** (actividade 6.2.2.), que serán igualmente supervisadas para comprobar a súa adecuación (especialmente entre obxectivos e medios). A partir deste momento xa estaremos en condicións de comezar a **desenvolver a acción**, tanto dentro da aula como no lugar de destino elixido. Dentro da aula poremos a disposición do noso alumnado tantas sesións de clase como precisen, así como o espazo do obradoiro e os medios necesarios para que cada grupo prepare materiais, estableza contactos, organice a posta en marcha, etc. (actividade 6.3). Por último, unha vez concluídas as accións de cada grupo, procederemos á **avaliar o proceso e os resultados** e cada grupo elixirá o soporte (presentación con diapos, exposición, mural, proxección,...) para **presentar a memoria**. Todo o traballo de coñecernos a nós mesmos que desenvolvemos durante o curso nas autobiografías desemboca aquí para elaborar individualmente o noso **Curriculum vitae** e unha **avaliación** do proxecto máis importante de todos: **nós mesmas e nós mesmos neste obradoiro** (actividade 6.4).

Obxectivos:

-  Mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación do noso alumnado.
-  Desenvolver no alumnado a iniciativa persoal, a autoestima e a creatividade.
-  Realizar actividades que contribúan a mellorar as capacidades de traballo en equipo, negociación, resolución de conflitos e planificación.

Contidos:

-  A planificación dun traballo en equipo: fases, delimitación e reparto de tarefas.
-  Habilidades de equipo: roles e liderato.
-  O proxecto: xeración e maduración de ideas, execución e avaliación.
-  A acción social emprendedora
-  Os recursos e os obxectivos: coherencia dun plan
-  A memoria dun proxecto
-  Currículo



6.1. Un bo equipo para un bo proxecto.



Ordenadores con Internet

Fichas 6.1:

6.1A. Un bo equipo para un bo proxecto: consideracións previas

6.1B. Un bo equipo para un bo proxecto: formando o equipo

6.1C. “Un bo equipo para un bo proxecto: presentando ao noso equipo



Comenzaremos establecendo as **pautas adecuadas para a creación de equipos de traballo (Ficha 6.1A).**



Despois da reflexión realizada no primeiro achegamento aos nosos intereses e lugares do equipo realizado na Autobiografía V, **agora toda a clase se apuntará nunha das sete habilidades ou capacidades recollidas na ficha 6.1B** coa finalidade de ter en conta esta información ao formar equipos en función do rol que pensamos que mellor podemos desempeñar.



Crearemos os equipos combinando habilidades e proxectos e cubrimos a ficha 6.1.C



6.2. O noso proxecto: deseño e fases.



Ordenadores con Internet

Fichas 6.2

6.2.1A. Presentación dun proxecto

6.2.1B. Presentación dun proxecto: un exemplo co río Muíños

6.2.1C. Presentación do noso proxecto

6.2.2A. Fases dun proxecto

6.2.2B. Fases dun proxecto: un exemplo co río Muíños



Unha vez que temos configurado o equipo, agora introduciremos a **terminoloxía e os conceptos necesarios para elaborar un proxecto** (ficha 6.2.1A) e poñeremos un modelo representativo do que queremos facer, utilizando a experiencia da actividade 5 “apadriñando o río Muíños” (ficha 6.2.1B).



Posteriormente **definiremos e exemplificaremos as fases** que hai en calquera proxecto: FASE DE DIAGNÓSTICO, DE EXECUCIÓN E DE AVALIACIÓN,(ficha 6.2.2A). Igual que o día anterior, tamén esta vez poñeremos de **exemplo as nosas accións do Río Muíños** (6.2.2B).



Cada grupo elaborará o seu propio proxecto que supervisará a profesora (ficha 6.2.1C) e **determinará as fases e execución** segundo os modelos proporcionados nas fichas 6.2.2A e 6.2.2B.



6.3. A nosa acción social



Os recursos que cada grupo considere
Fichas 6.3: avaliación da nosa acción social
 6.3A. Avaliación da nosa acción social
 6.3B. Avaliación da nosa acción social: autoavaliación



As colaboracións que cada grupo considere



Desenvolvemos a acción segundo os plans previstos.



Realizamos en grupo a **avaliación de resultados** da nosa acción (ficha **6.3A**) e, individualmente, do noso papel nela (ficha **6.3B**), e preparamos a documentación gráfica, escrita ou oral necesaria para a **memoria** da actividade destinada a súa presentación na aula



Presentación na clase da nosa acción e dos seus resultados.



6.4. Autobiografía VI: Curriculum vitae



Fichas 6.4

6.4.1. Curriculum vitae



6.4.2. Autoavaliación



Estamos no final do traxecto das nosas autobiografías. Agora que xa nos coñecemos un pouco máis e sabemos o que nos pode gustar ou interesar e cales son as nosas principais habilidades e debilidades, xa podemos elaborar o noso primeiro **Curriculum vitae** seguindo o modelo proposto na ficha 6.4.1 e reflexionar sobre o que aprendemos ao longo de todo este curso e como estas aprendizaxes forman parte dun proxecto que vai máis aló das paredes do noso obradoiro: **nós mesmas e nós mesmos** (ficha 6.4.2).



Posta en común dos resultados.



Avaliación

Cartafol
Ejercicios resoltos
Exposición oral
Autobiografía VI
Participación na acción

Bibliografía

Área d'Integració Social. Fundació "la Caixa": Joves amb valors. Projectes guanyadors del concurs d'iniciatives 2006. Programa de l'Obra Social "La Caixa". Edita Fundació "La Caixa". Barcelona, 2007.

Bande Rodríguez, Enrique e Taín Carril, Carlos: Os labores dos nosos devanceiros. Edita Caixa Ourense. Vigo, 1985.

Battle, Puig e Martín: guías zerbikas. Aprendizaje y servicio solidario. Producidas polo Centre Promotor d'Aprenentatge Servei (APS) e cedida a ZERBIKAS. Bilbao, 2008.

Enzensberger, Hans Magnus: La gran migración. Editorial Anagrama. Barcelona, 1992.

Formigo Couceiro, José: Galicia. Edita: Everest. León, 2008

Gabriel, Narciso de: Escolantes e escolas de ferrado. Edita Xerais. Vigo, 2001.

Luca de Tena, Gustavo: Noticias de América (o relato da grande emigración americana na prensa da Galicia e de Ultramar). Edita: Nigra. Vigo, 1993.

Meadows, Meadows, Randers: Más allá de los límites del crecimiento. Edita: El País Aguilar. Madrid, 1992.

Olías Ferrera, Francisca: Recopilación basada en Vaello Orts .Centro del Profesorado de Alcalá de Guadaira.: Estrategias para la mejora de la gestión de aula.pdf

Rodríguez Basalo, Sonia: Comunicación co sagrado: o cereiro, algo máis que candeas. Edita Museo Liste, 2007. Os saberes do Museo I

Racionero, Luis: Del paro al ocio. Editorial Anagrama. Barcelona, 1992

Romaní, Arturo: A Revolución tecnolóxica na industria salgadeira de Galicia. Edita: uniproeditorial s.a. Vigo, 1991.

Rupert Eales-White: Cómo actuar mejor al crear equipos de trabajo. Editorial CISS, S.A. Bilbao, 1992

Santos Castroviejo, Santiago : Historia da pesca e a salgazón nas rías baixas dende as ordenanzas Xerais da Armada de 1748 ata o desestaque do sal de 1870. Edita: uniproeditorial. Vigo, 1990

Sutcliffe, Bob: 100 imágenes de un mundo desigual. Edita: Icaria. Barcelona, 2004.

Varela Vázquez, M^a Montserrat: na memoria do pobo oficios, contos e cantigas. Edita: Sotelo Blanco. Coruña, 2005

Vázquez Feijoo, Matilde: Habelencia dun traballo feminino: Encaixe de bolillos. Edita Museo Liste, 2007. Os saberes do Museo II

Vázquez Pintor, Xosé: A Tribo sabe. Fogueteiros, campaneiros, cabaqueiros, polbeiros, ferreiros, afiadores, zoqueiros, tratantes e albaneis. Edita: Xerais. Vigo, 1999.

VV.AA :Datos estatísticos básicos de Galicia 2008. Edita: Xunta de Galicia. Consellería de Economía e Facenda.

VV.AA: Galicia en Mapas. Edita: Escola Aberta. Coruña, 1980

VV.AA: Guía Didáctica para el educador. Edita: Edigol ediciones. Barcelona, 2007

VV.AA: Obradoiro de artesanía. Publicación semestral de artesanía de GALICIA. NÚMEROS 1, 2 e 3. Edita: Xunta de Galicia e Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

VV.AA: Manual para el diseño y gestión de proyectos de acción social con inmigrantes. Edita: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Madrid, 1998.

VV.AA: O Correo da UNESCO. Inmigrantes, o mito das fronteiras. Edita: Xunta de Galicia. Decembro 1998

Enlaces especialmente recomendados ao profesorado:

<http://www.bellera.cat/prof/milla/> , dúas webs que elaboraron no IES Celestí Bellera, sobre “recuperación da memoria histórica “ con fontes orais.

<http://video.google.com/videoplay?docid=-5645724531418649230>
Versión doblada ao español do vídeo de Annie Leonard: “La historia de las cosas” Producción do Video: Free Range Studios. Doblaxe : Asociación Civil El Agora, Argentina. O video orixinal en inglés pode ser visto en <http://www.storyofstuff.com>

Gustaríame destacar a inestimable colaboración de Dolores Ruiz na maquetación e na plasmación de tantas ideas que foron factibles grazas a moitas horas de traballo conxunto compartindo unha mesma idea de ensinar e aprender.